



24.-ORDENANZA FISCAL N°24, REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA AO FOGAR.

PUBLICACIÓNS

BOP 27/12/07

MODIFICACION – BOP 29/08/2014.

MODIFICACIÓN.- BOP 31/12/2014

Artigo 1º.-Concepto.-

De conformidade coa Normativa referente a Facendas Locais, o Concello de Xinzo de Limia establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (en adiante S.AF.), entendéndose que dito servizo considerase unha prestación básica de servizos sociais de atención primaria.

Artigo 2º.- Obrigas de pagamento.

- a) Estarán obrigados ó pagamento da taxa prevista nesta ordenanza tódolos veciños os que se lles estea a prestar o S.A.F.
- b) A obriga do pagamento por parte dos usuarios nace dende o momento no que se comeza a presta-lo servizo de forma efectiva.
- c) As liquidacións das taxas practícaranse trimestralmente, e pagaranse na conta específica para este fin designe o Concello de Xinzo de Limia, e que se lle facilitará aos beneficiarios do servizo.
- d) As persoas que estean a recibir o S.A.F., e se ausenten do seu domicilio por vacacións ou viaxes, deberán avisar con antelación ós servizos sociais do Concello, de non ser así facturaríanse as horas de servizo que lle corresponderían por período de tempo no que se ausentasen.
- e) Se o beneficiario non fai efectivo o pagamento, será apercibido e deberá responsabilizarse dos gastos ocasionados por o apercibimento. De ser reincidente, os servizos sociais deberán informar á Xunta de Goberno, para que adopte a oportuna resolución, podendo causar baixa como usuario do S.A.F.
- f) No caso de que os usuarios falsean ou omitan a declaración da totalidade dos seus recursos económicos, tanto persoais como do resto dos membros da unidade de convivencia, co fin de aproveitarse dun servizo ó que poderían non



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

ter dereito, deberán devolver parcial ou totalmente o importe do servizo que recibiran. Neste caso, unha vez incoado o expediente e determinada a responsabilidade do usuario, practicarase a correspondente liquidación, que será exigible polo procedemento de constrinximento.

Contía da taxa.

Art. 4.-

4.1.-A contía da taxa regulada no presente acordo será o fixado nas tarifas contidas nos apartados seguintes referida a unha hora de prestación do servizo, e que se determinará do seguinte xeito:

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do presente artigo, o importe do prezo/hora será de **12,00 €/hora** para os usuarios que accedan a través do sistema de dependencia e de **13,00 €/hora** para os usuarios que accedan por libre concorrencia .

O abeiro do establecido no artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Plenario ostenta a competencia para a modificación de ditos importes en función das variacións no custe do servizo.

4.2.-A participación das persoas usuarias na financiamento do servizo de axuda no fogar establecerase en función do acceso o servizo, e dicir polo sistema de atención a persoas valoradas como dependentes ou por libre concorrencia, da súa capacidade económica persoal da persoa usuaria e da intensidade do servizo asignado, consonte a forma de acceso o SAF a participación económica será a seguinte:

PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.



USUARIOS QUE ACCEDEN A TRAVES DO SISTEMA DE DEPENDENCIA:

O copagamento destes usuarios será según a capacidade económica persoal da persoa usuaria e da intensidade do servizo asignado de SAF será a seguinte:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)

Ata; Grao I <=20 h; Grao II <=45 h; Grao III <=70 h

100,00 %; 0,00 %; 0,00 %; 0,00 %

115,00 %; 4,52 %; 9,61 %; 14,70 %

125,00 %; 5,41 %; 11,50 %; 17,58 %

150,00 %; 5,55 %; 11,79 %; 18,03 %

175,00 %; 5,65 %; 12,00 %; 18,35 %

200,00 %; 5,72 %; 12,16 %; 18,60 %

215,00 %; 5,81 %; 12,34 %; 18,87 %

250,00 %; 6,03 %; 12,82 %; 19,61 %

300,00 %; 6,24 %; 13,26 %; 20,29 %

350,00 %; 6,42 %; 13,63 %; 20,85 %

400,00 %; 6,54 %; 13,90 %; 21,25 %

450,00 %; 6,63 %; 14,09 %; 21,55 %

500,00 %; 6,70 %; 14,25 %; 21,79 %

>500 %; 6,76 %; 14,36 %; 21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso, a contribución económica da persoa usuaria poderá ser superior ao 90% do custo efectivo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención reconecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM);

Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia **Grao I** <=15;

Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables **Grao I** <=15;

Servizo de préstamo de axudas técnicas **Grao I** <=15;

Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia **Grao II** <=28;

Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables **Grao II** <=28;

Servizo de préstamo de axudas técnicas **Grao II** <=28;

Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia **Grao III** <=45;

Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables **Grao III** <=45;

Servizo de préstamo de axudas técnicas **Grao III** <=45

100,00 %; 0,00 %; 12,87 %; 13,76 %; 0,00 %; 22,73 %; 24,29 %; 0,00 %; 35,51 %; 37,95 %
115,00 %; 5,98 %; 13,10 %; 14,00 %; 10,56 %; 23,12 %; 24,71 %; 16,50 %; 36,13 %; 38,61 %
125,00 %; 7,15 %; 13,39 %; 14,31 %; 12,63 %; 23,64 %; 25,26 %; 19,73 %; 36,94 %; 39,47 %
150,00 %; 7,34 %; 13,52 %; 14,44 %; 12,95 %; 23,87 %; 25,50 %; 20,24 %; 37,29 %; 39,85 %
175,00 %; 7,47 %; 13,61 %; 14,54 %; 13,18 %; 24,03 %; 25,67 %; 20,60 %; 37,54 %; 40,12 %
200,00 %; 7,57 %; 13,76 %; 14,70 %; 13,36 %; 24,29 %; 25,96 %; 20,87 %; 37,96 %; 40,56 %
215,00 %; 7,68 %; 13,83 %; 14,78 %; 13,56 %; 24,42 %; 26,09 %; 21,18 %; 38,16 %; 40,77 %
250,00 %; 7,98 %; 13,96 %; 14,91 %; 14,09 %; 24,64 %; 26,33 %; 22,01 %; 38,50 %; 41,14 %
300,00 %; 8,25 %; 14,06 %; 15,02 %; 14,57 %; 24,82 %; 26,52 %; 22,77 %; 38,78 %; 41,44 %
350,00 %; 8,48 %; 14,16 %; 15,13 %; 14,98 %; 25,00 %; 26,72 %; 23,40 %; 39,07 %; 41,74 %
400,00 %; 8,65 %; 14,35 %; 15,33 %; 15,27 %; 25,33 %; 27,06 %; 23,85 %; 39,57 %; 42,29 %
>400,00 %; 8,77 %; 14,48 %; 15,48 %; 15,48 %; 25,57 %; 27,32 %; 24,19 %; 39,95 %; 42,69 %

DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade familiar. Para estes efectos, considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro do imposto sobre as persoas físicas.

2. Computaranse, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberá ter en conta as excepcións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ó respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en computo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

USUARIOS QUE ACCEDEN POR LIBRE CONCORRENCIA E FINANCIACIÓN DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO:

1.- Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 4 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA; COPAGAMENTO

Menor do 0,80 do IPREM; 0% (Exento)

>do 0,80 e ≤ 1,50 IPREM; 20%

>1,50 e ≤ 2,00 IPREM; 30%

>2,00 e ≤ 2,50 IPREM; 40%

>2,50 IPREM; 60%

2.- Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.- En calquera caso, establececese un límite máximo de participación económica das persoas usuarios do 40% da súa capacidade económica.

Calculo da Capacidade económica da persoa usuaria:

A. - Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias de dependencia.

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecida sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo.

- Normas de valoración da renda:

1. Para a valoración da renda computaranse, no exercicio fiscal que se vai considerar, a totalidade de ingresos netos da persoa usuaria derivados tanto do traballo coma do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles, segundo os criterios de valoración establecidos pola Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, ou, se é o caso, ás normas fiscais que poidan ser de aplicación.

Cando a persoa usuaria opte por presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas de forma conxunta, ou nos casos de persoa usuaria con cónxuxe en réxime de gananciais ou de participación de bens, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous a suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella. Para o caso das parellas de feito rexistradas, aplicarase o establecido nos pactos entre as partes que rexan as súas relacións económicas.

Así mesmo, computaranse as rendas derivadas dos seguros privados de dependencia, a que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

2. Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100 % do custo de referencia do servizo.

Non serán obxecto de cómputo, para os efectos da determinación da capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3. Cando a persoa usuaria teña persoas ao seu cargo, a súa renda incrementarase no importe das rendas do resto de persoas que dependen economicamente dela e o resultado obtido dividirase entre o número total de persoas.

Non obstante, cando a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito rexistrada que non dependa economicamente dela e sempre que non presentasen de forma conxunta a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, no cómputo anterior só se integrarán as rendas da persoa usuaria e das persoas que dependan economicamente dela, e o resultado dividirase entre o número total de persoas, computadas as persoas ao seu cargo a razón de 0,5. No caso de que presentasen a declaración de forma conxunta, o importe total das rendas derivadas da declaración conxunta e máis, de ser o caso, das rendas das persoas ao cargo da parella, dividirase polo número total de persoas.

- Persoa a cargo da persoa usuaria:

1. Enténdese por persoas a cargo da persoa usuaria, sempre que reúnan as condicións sinaladas no número 2 deste artigo as seguintes:

a) Cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal.

b) Descendentes da persoa usuaria ou persoas vinculadas a ela por razón de tutela e/ou acollemento, menores de vinte e cinco anos ou maiores de tal idade en situación



de dependencia ou con discapacidade ou incapacitados xudicialmente sometidos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c) Ascendentes da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal, maiores de sesenta e cinco anos ou calquera que sexa a súa idade, sempre que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.

2. As persoas referidas no punto anterior para seren consideradas persoas a cargo da persoa usuaria deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que as súas rendas anuais, excluídas as exentas, non superen o importe fixado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas para ter dereito á aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes.

b) Que non presentasen declaración polo dito imposto con rendas superiores ao importe sinalado nas normas comúns para a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

c) Que estean empadroadas no domicilio da persoa usuaria cando menos desde un ano antes da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.

d) Que convivan coa persoa usuaria, como mínimo, 183 días ao ano.

- Normas de valoración do patrimonio neto:

1. Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria dos servizos regulados na presente norma, determinado consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder.

Nos supostos de cotitularidade só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa usuaria.

4. Para os efectos da valoración do patrimonio, non se computarán na determinación do patrimonio nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa usuaria, mentres persista tal afección. Non obstante, si se computarán na valoración da renda as derivadas de dito patrimonio, que non se integren nel.

B.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de acceso por libre concorrencia.

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de acceso por libre



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

concorrenza sexa inferior do 0,80% ao indicador público de rendas efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

Artigo 5. -Nacemento da obriga

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais.

A obriga de pagar as taxas reguladas nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. As taxas contempladas nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte o envío do recibo de cobro correspondente.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 6.-Condicións de pagamento

- 1.-A obriga de pagamento nace no momento en que o beneficiario reciba a prestación do servizo.
- 2.-O pagamento da cota realizarase bimensualmente, a través de domiciliación bancaria que autorizará a persoa usuaria do mesmo por escrito ou mediante ingreso na conta corrente que o concello sinala no momento de subscribir o contrato de prestación do servizo.
- 3.- As persoas obrigadas ao pagamento deben comunicar calquera alteración que se produza nos seus ingresos ao longo do período impositivo, así como renovar, anualmente, os datos para a estimación das súas rendas.
- 4.- O terse en conta as circunstancias económicas na fixación da taxa non se establece ningún outro sistema de exención ou bonificación.
- 5.- En caso de suspensión temporal dos servizos descontárase das cotas a parte proporcional que lle corresponda mensualmente.
- 6.- As débedas en concepto de taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Artigo 7.-Normas de xestión

- 1.- Por parte do Concello de Xinzo de Limia, e sobre o parte de traballo asinado, pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado os dous meses anteriores.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

2.- O non pagamento excepcional dunha mensuralidade suporá, en caso de xustificación motivada ao departamento de Servizos Sociais polo usuario do servizo, a acumulación da mensuralidade a pagar no mes seguinte. Se as mensuralidades acumuladas fosen obxecto de impago novamente procederase á extinción do servizo.

3.- Cando a persoa usuaria, sen previo aviso, non se atope no seu domicilio na hora consensuada para a prestación do servizo, salvo ausencias xustificadas, será computada igualmente para o cálculo da taxa.

Artigo 8.- Afectación dos ingresos pola prestación do servizo De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Xinzo de Limia, no concepto de achega das persoas para a participación no custo do servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Disposicións adicionais

PRIMEIRA.- No caso que por necesidades do servizo se precisase complementariamente a contratación dunha empresa ou entidade para a prestación do SAF, farase segundo o prego de condicións técnicas e administrativas proposto en cada momento.

SEGUNDA.- As subvencións que de organismos, tanto públicos como privados, sexan concedidas ao concello polo concepto de servizo de axuda no fogar, redundarán integramente neste servizo, a fin de lograr unha axeitada atención.

TERCEIRA.- De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Xinzo de Limia, en concepto de achega das persoas para a participación no custo do servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementaranse anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno Municipal na reunión do 13 de novembro de 2014, substitúe e derroga á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente."